



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Expediente nº: 4/2020

## RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

*M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal*

VOGAIS:

*Miguel Ángel Cela González  
Josefina Pereira de la Riera  
Antonio J. López Acuña Herrero*

SECRETARIA:

*Lucía Belver Quiroga*

Na cidade de Lugo, o día 2-6-2021, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, reunido e constituído polas persoas que á marxe se relacionan, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 4/2020 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **LOUXEIRAS**, no concello de **VILALBA**, iniciado por acordo do xurado do 27-7-2020, do que é instrutor Miguel Ángel Cela González, e resultando os seguintes:

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO:** Na sesión do 27.7.2020 iníciase o expediente 4/2020, a instancia de Juan Manuel Carretero López, veciño de San Xoán de Alba. Na mesma sesión, Miguel Ángel Cela González é designado instrutor do expediente, quen acepta o cargo o 20.10.2020.

**SEGUNDO:** O día 20.10.2020 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, unha certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

**TERCEIRO:** O día 21.10.2020 o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o monte **Louxeiras** non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

**CUARTO:** O día 27.10.2020 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Vilalba:**

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**QUINTO:** O día 25.11.2020 ten entrada un certificado da rexistradora da propiedade no que indica que as parcelas catastrais obxecto de clasificación non figuran inscritas no Rexistro da Propiedade de Vilalba.

**SEXTO:** O día 10.12.2020 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con indicación do prazo para presentar alegacións.

**SÉTIMO:** O día 10.12.2020 comunícaselle á Xerencia Territorial do Catastro a iniciación do expediente coa identificación das referencias catastrais obxecto da clasificación.





**OITAVO:** O día 10.12.2020 envíaselle unha comunicación ao **Concello de Vilalba** da a iniciación do expediente e remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello e nos lugares de costume da parroquia na que radique a comunidade, con indicación do prazo para presentar alegacións.

**NOVENO:** O día 14.12.2020 comunícase a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Vilalba e solicítase a **anotación preventiva**.

**DÉCIMO:** O 29.12.2020 sae publicado o anuncio no DOG, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación do monte **Louxeiras de Alba**, así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** O día 14.1.2021 comunícase ao solicitante a iniciación do expediente, con indicación do prazo para presentar alegacións.

**DÉCIMO SEGUNDO:** O día 20.1.2021 ten entrada unha nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Vilalba coa anotación preventiva solicitada, a favor do veciños da parroquia de San Xoán de Alba.

**DÉCIMO TERCEIRO:** O día 2.2.2021 ten entrada a xustificación da exposición do anuncio no taboleiro do concello de Vilalba dende o 14.12.2020 ata o 30.1.2021.

**DÉCIMO CUARTO:** O día 13.4.2021 envíaselle ao alcalde pedáneo ou de barrio de San Xoán de Alba unha notificación relativa ao dereito de elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **Louxeiras**.

**DÉCIMO QUINTO:** Non houbo comunicación de elección de representantes para asistir á sesión do xurado.

**DÉCIMO SEXTO:** Non foron presentadas alegacións.

## FUNDAMENTO DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, ou seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada a documentación do presente expediente, e posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común **RESOLVE:**



**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte coas seguintes características:


**Nome:** Louxeiras  
**Pertenza:** Veciños da parroquia de San Xoán de alba  
**Parroquia:** San Xoán de Alba  
**Concello:** Vilalba  
**Superficie:** 21,2 hectáreas

Na seguinte táboa indícase a referencia catastral da parcela obxecto de clasificación así como das estremeiras.

Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
27065A14701065 (parcialmente)	Norte	27065A14809012 (camiño)
	Leste	27065A14701156
		27065A14701157
		27065A14701169
27065A14701168		
27065A14701172		
27065A14701172		
27065A14701174		
27065A14701175		
27065A14701071		
27065A14701070		
Sur	27065A14701065 (MVMC Louseiras Torre) 27065A14709015	
Oeste	27065A14709001 (recurso de auga)	
	27065A14700490	
	27065A14700492	
	27065A14700494	
	27065A14700496	
	27065A14701155	
	27065A14701152	
	27065A14701152	
	27065A14701151	
27065A14709037 (Rego Ferreiroa)		

Handwritten signatures and stamps in blue ink, including a circular stamp from the Xunta de Galicia, Concellería do Medio Rural, Lugo, and several illegible signatures.





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
Departamento Territorial de Lugo  
Servizo de Montes



Plano de Carpeta 47/80\_2019\_10  
Proposta de clasificación do monte veciñal en man común das Louseiras pertencente aos veciños de San Xoán de Alba.

Monte: **As Louseiras**  
Pertenza **Veciños de San Xoán de Alba**  
Superficie proposta **21,2 Ha**  
Municipio: **Vilalba**

Escala: 1:5.000

Plano 2. Monte proposto (Catastro)

Visto e prace  
O xefe de Servizo de Montes

O xefe de área

Coordenadas UTM\_Sist. Ref.: ETRS89

- Monte\_Alba
- Loureira

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

CVE: K052ChRre1  
 Verificación: https://sede.xunta.gal/ov



601000 601500 602000 602500 4789500 4790000